

ANUNCIO: CUALIFICACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A TÉCNICO-ENXEÑEIRO/A EDIFICACIÓN DE OBRAS/SERVIZOS, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE ARTEIXO, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

O Tribunal cualificador designado para o referido proceso de selección, reunido o 22 de xuño de 2022, logo do estudo das alegacións presentadas ao primeiro exercicio da fase de oposición, exame teórico, adoptou o seguinte acordo:

- **Pregunta nº 15:** estimar a alegación presentada por S.A.C., xa que non especifica se os terrenos sobre os que se efectúan as obras afectan ao dominio público hidráulico, á zona de policía de cauces ou a ningunha de estas categorías, e o réxime de intervención administrativa previa depende, precisamente, da zona na que se executen as obras. Anúlase a pregunta nº 15 e substitúese pola pregunta de reserva nº 1.
- **Pregunta nº 16:** desestimar a alegación presentada por M.J.P.R. porque o tema 51 contén o seguinte enunciado "instrumentos de ordenación do territorio".
- **Pregunta nº 21:** desestimar a alegación presentada por M.J.P.R. xa que a autorización das obras provisionais teñen a condición de título habilitante de natureza urbanística (tema 50) e forman parte do réxime urbano e urbanizable (tema 41).
- **Pregunta nº 26:** desestimar a alegación presentada por M.J.P.R. pois a inscrición dun solar no rexistro de solares é a consecuencia do incumprimento dunha orde de execución, polo que forma parte da correcta comprensión do réxime e executividade das ordes de execución.
- **Pregunta nº 30:** estimar a alegación presentada por M.J.P.R. debido a un erro de transcripción da resposta que dificulta a súa correcta comprensión en grao suficiente coma para inducir a erro. Anúlase a pregunta nº 30 e substitúese pola pregunta de reserva nº 2.
- **Pregunta nº 44:** desestimar a alegación presentada por S.A.C. pois o texto non é idéntico: na resposta b) indícase que "daños que el particular tenga el deber jurídico de soportar", e na resposta d) especificase "daños que el particular no tenga el deber jurídico de soportar".
- **Pregunta nº 49:** estimar a alegación presentada por M.J.P.R. xa que existe un erro de formulación do enunciado que dificulta a súa correcta comprensión en grao suficiente coma para inducir a erro. Anúlase a pregunta nº 30 e substitúese pola pregunta de reserva nº 3.
- **Pregunta de reserva nº 2:** desestimar a alegación presentada por M.J.P.R. xa que o Tribunal considera que o coñecemento do contido do libro de órdenes forma parte do coñecemento xeral do código técnico de edificación e, polo tanto, estaría amparado no tema 64.

Como consecuencia do anterior, o Tribunal efectúa a corrección dos/as aspirantes presentados/as, substituíndo as preguntas 15, 30 e 49 do test, polas preguntas 1, 2 e 3 de reserva, outorgando as seguintes CUALIFICACIÓNS:

| CÓDIGO | CUALIFICACIÓN |
|--------|---------------|
| EAB02 | 10,8 |
| BSA07 | Non apto |
| BSA03 | Non apto |
| AXA08 | Non apto |
| PAA02 | 10,8 |
| HAA06 | Non apto |
| AXA03 | 10,4 |
| BSB01 | 11 |
| AXB02 | Non apto |
| SNA05 | 10,8 |
| YAA03 | Non apto |
| BSA09 | Non apto |
| MFB03 | Non apto |
| DAA09 | Non apto |

Os/as interesados/as dispoñen dun prazo de tres días para presentación de alegacións.

Convócase ós aspirantes para a realización **do segundo exercicio** o día **6 de xullo de 2022 ás 12:00** horas no Salón de Plenos do Concello de Arteixo.

E para que así conste e para efectos oportunos, asíñase dixitalmente o presente anuncio ordenando a súa publicación no taboleiro de anuncios e na web municipal.

Asina dixitalmente: José María Vázquez Pita (Secretario do Tribunal)